RESOLUCIÓN, DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO, POLA QUE SE REVISA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2015-IPPC-84-304

Instalación: explotación avícola de 97.498 prazas de polos de ceba por ciclo produtivo	**Procedemento:** revisión da autorización ambiental integrada
Titular: A Moa, SC	**Núm. rexistro AAI:** 2015-IPPC-84-304
Localización: concello de Baltar (Ourense)	**Expediente revisión AAI:** 2019-IPPC-M-175

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (DXCASCC), con base nas súas competencias e funcións na tramitación e seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos conforme ao establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1 A Moa, SC, conta coa autorización ambiental integrada con número de rexistro 2015-IPPC-84-304.

2 O 21.02.2017 publicouse no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) a Decisión de execución da Comisión do 15 de febreiro de 2017 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles conforme á Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, para a cría intensiva de aves de curral ou de porcos. Polo tanto, o 21.02.2021 a autorización ambiental integrada co número de rexistro 2015-IPPC-84-304 ten que estar revisada.

3 O artigo 26 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) determina que se realice un procedemento de revisión para a adaptación das autorizacións ambientais integradas ás conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles.

4 O 15.06.2020 tivo entrada nesta dirección xeral o documento de revisión da dita autorización ambiental integrada.

5 A tramitación do procedemento de revisión efectuouse de conformidade co disposto no artigo 16 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 251 do 19.10.2013).

6 O 23.10.2020 publicouse no DOG núm. 214 o anuncio da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se someteu a información pública a documentación para a revisión da autorización ambiental integrada. O 03.11.2020, a Sociedade Galega de Historia Natural presentou un escrito cunha serie de consideracións que son tidas en conta na resolución no que a esta atinxe.

7 Os órganos aos que se solicitou informe, de conformidade co disposto no artigo 16 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 251 do 19.10.2013), e os informes que se recibiron son:

Órganos consultados (art. 16, RD 815/2013)	Informes recibidos
Concello de Baltar	Non
Consellería do Medio Rural	Si
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	Si
Servizo de Administración Industrial de Ourense Consellería de Economía, Emprego e Industria	Si
Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	Si

8 De conformidade co disposto no artigo 15.7 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación deuse trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes. Durante o trámite o titular considerou non presentar alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A instalación está incluída no anexo I, categoría 9.3.a), do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

2 O 21.02.2017 publicouse no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) a Decisión de execución da Comisión do 15 de febreiro de 2017 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles conforme á Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, para a cría intensiva de aves de curral ou de porcos.

3 O artigo 16 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación establece o procedemento para a revisión das autorizacións ambientais integradas (BOE núm. 251 do 19.10.2013). A tramitación do procedemento efectuouse de conformidade co disposto no dito artigo 16.

4 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (DXCASCC), exerce as competencias e funcións na tramitación e seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos conforme ao establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e na disposición transitoria segunda do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

De acordo con todo o indicado, **PROPONSE:**

1 Revisar a autorización ambiental integrada co núm. de rexistro 2015-IPPC-84-304 outorgada a A Moa, SC, para unha explotación avícola de polos de ceba con 97.498 prazas, no concello de Baltar (Ourense).

Esta revisión inclúe a descrición, condicións, obrigas e dereitos que se indican nos seguintes apartados:

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Datos administrativos**

- **I: Condicións xerais**

  1. Produción de residuos
  2. Subprodutos animais
  3. Rexistro estatal de emisións contaminantes
  4. Condicións de explotación en situacións distintas das normais e en caso de accidente/incidente
  5. Inspeccións de seguimento
  6. Revisións sucesivas da autorización ambiental integrada
  7. Comunicación de modificacións na instalación e de cambio de titularidade
  8. Cesamento temporal
  9. Cesamento definitivo e peche da instalación
  10. Responsabilidade medioambiental
  11. Incumprimento das condicións da autorización
  12. Outras autorizacións e licenzas

- **II: Descrición da instalación**

  1. Descrición xeral
  2. Localización
  3. Instalacións e equipamentos
  4. Proceso produtivo
     4.1. Acondicionamento dos aloxamentos
     4.2. Alimentación e auga
     4.3. Limpeza e desinfección
  5. Xestión de cadáveres
  6. Materias primas e consumos
  7. Efluentes xerados
  8. Plan de xestión da galiñaza

- **III: Condicións da explotación**

  1. Adaptación ás conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD)
  2. Sistemas de xestión ambiental
  3. Emisións á atmosfera
  4. Sobre a contaminación acústica
  5. Emisións á auga
  6. Solos e augas subterráneas
  7. Xestión de cadáveres

- **IV: Plano da explotación**

- **V: Programa de vixilancia e seguimento ambiental**

  1. Responsable do control do programa de vixilancia e seguimento ambiental
  2. Metodoloxía de medición e ensaios
  3. Presentación da memoria de seguimento ambiental
  4. Contido das memorias de seguimento ambiental
  5. Arquivo da información

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DATOS ADMINISTRATIVOS

Datos do titular		
Razón social: A Moa, SC		
NIF: J32469413		
Enderezo: Avenida de Celanova, 5,1º B		
Provincia: Ourense	Concello: Xinzo de Limia	Código postal: 32630

Datos da instalación			
Denominación da instalación: explotación avícola de polos de ceba con 97.498 prazas			
Actividade principal: explotación de polos de ceba			
Enderezo: A Moa-Tixós, s/n			
Provincia: Ourense	Concello: Baltar	Código postal: 32632	
UTM X (m): 607.586	UTM Y (m): 4.645.526	Fuso: 29	Datum ETRS89
Referencia catastral da parcela: 32006A502020820000JP, 32006A502020830000JL			
Superficie total da parcela (m^2): 20.200	Superficie de ocupación da actividade (m^2): 6.250		
Vertedura de augas residuais: si	Órgano de cunca: Confederación Hidrográfica do Miño-Sil		
Sistema de xestión medioambiental: si			
NIMA (número de identificación medioambiental)	3200085492		

Categorías e rexistros da instalación/actividade	
CNAE (principal): 0147 – Explotación avícola	
Código REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia)	ES320050057801
Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación	Categoría: 9.3.a
Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)	Categoría: 6.6.a
Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas	Código E-PRTR: 10296
Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados	Actividade non afectada
Informe base (artigo 12.1.f do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro)	Non se require

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas	Establecemento non afectado
Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades	Actividade non incluída
Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (código ID instalación)	Actividade non regulada
Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental	Actividade afectada
Inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos	OU-RP-P-PP-00991

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

I: CONDICIÓNS XERAIS

1 Produción de residuos

Contarase coas inscricións que correspondan no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, manteranse actualizadas e cumpriranse cos condicionantes recollidos nestas.

En todo caso, deberanse cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

2 Subprodutos animais

Na explotación existirá un rexistro actualizado, e a disposición da Administración, das saídas de cada tipo de subproduto xerado cara aos seus diferentes destinos (xestores autorizados, planta de transformación de subprodutos, etc.), que conteña a información especificada no Anexo II do Real Decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e os produtos non destinados ao consumo humano, xunto coa restante información esixida no punto 1, Sección 1 (Disposicións xerais) do Capítulo IV do Anexo VIII do Regulamento (UE) núm. 142/2011, da Comisión de 25 de febreiro de 2011 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) núm. 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, e posteriores modificacións.

3 Rexistro estatal de emisións contaminantes

A instalación está afectada polo Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas (BOE núm. 96 do 21.04.2007) polo que o titular debe comunicar a información requirida anualmente vía telemática ao rexistro galego PRTR de emisións (REGADE-Sección PRTR).

A notificación incluirá todas as substancias do anexo II do antedito real decreto que polos seus procesos, materias primas e combustibles empregados poidan ser emitidas ou vertidas. O órgano ambiental considera, para as substancias que non declare, que a instalación afirma non son parte da emisión ou vertido e que podería demostralo documentalmente.

Ademais do anterior, nesta notificación deberase incluír polo menos:

- Para o caso de contaminantes medidos: norma que contén ao método de medida, número de medidas (en caso de mostraxes non continuas) e todos os parámetros necesarios para obter o valor declarado de carga másica anual (resultados en masa/volume normalizado e en base seca, horas de funcionamento do foco ou proceso do que proceda e resultados en kg/ano ou t/ano).

- Para o caso de contaminantes calculados: indicaranse as fontes dos métodos de cálculo e factores de emisión aceptados nos ámbitos nacionais e internacionais e representativos do sector industrial, así como os datos do proceso industrial para determinar a carga másica das instalacións, todo a fin de poder validar os resultados.

- Para o caso de contaminantes estimados: indicarase en que se fundamentan as estimacións non normalizadas, así como cantos datos do proceso industrial deben ser tidos en conta para determinar a carga másica das emisións.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4 Condicións de explotación en situacións distintas das normais e en caso de accidente/incidente

Ante situacións de explotación que poidan afectar ao medio ambiente ou con posibles repercusións na saúde das persoas, como nos casos de derramos de materias primas, subprodutos de orixe animal, residuos, vertidos ou emisións á atmosfera superiores ás admisibles, fallos de funcionamento ou paradas temporais, o titular da instalación deberá:

- Dispor dun plan específico de actuacións e medidas para as condicións de explotación distintas ás normais, co fin de previr ou, cando isto non sexa posible, minimizar os danos ao medio ambiente e as posibles repercusións na saúde das persoas.

- Comunicar inmediatamente ao órgano de cunca e ao órgano ambiental competente calquera anomalía na actividade que poidan orixinar un vertido, autorizado ou non, en condicións inadecuadas ou que poida supor a realización dun *by-pass* de augas non tratadas. Simultaneamente, adoptaranse as actuacións e medidas necesarias para corrixila no menor tempo posible, debendo cesar o vertido de inmediato.

- Comunicar inmediatamente ao órgano ambiental competente os casos de desaparición, perda ou escape de residuos perigosos, os incidentes na instalación que poidan afectar negativamente á calidade do solo, así como calquera emisión á atmosfera non incluída na autorización ou que supere os límites establecidos, adoptando simultaneamente as actuacións e medidas necesarias para corrixilas.

Dentro destas medidas considerarase, no caso de ser necesario, a suspensión da actividade.

No caso de accidente, adoptar as medidas recollidas nos plans de emerxencia, realizando as comunicacións inmediatas que procedan aos diferentes organismos que deban intervir. Dentro destas comunicacións incluirase o órgano ambiental competente.

Ademais, nun prazo máximo de 48 horas, realizaranse as ditas comunicacións por escrito indicando: tipo de incidencia/accidente ou suceso, localización, causas, hora na que se produciu e duración; no caso de vertido accidental: caudal e materias vertidas; no caso de superacións de límites: datos de emisións; estimación dos danos causados; medidas correctoras adoptadas; medidas preventivas para evitar a súa repetición; prazos previstos para a aplicación efectiva de medidas preventivas. Finalizado o suceso, nun prazo máximo de 30 días a contar dende este, presentarase un informe detallado coas medidas adoptadas debidamente acreditadas, persistencia dos problemas e propostas de solución para evitar a súa repetición.

5 Inspeccións de seguimento

De acordo co disposto no capítulo III do Real decreto 815/2013 ao longo da vixencia da autorización realizaranse inspeccións de seguimento da actividade para verificar o cumprimento das condicións establecidas nesta.

Sen detrimento do anterior, en todo momento e sen previo aviso, poderase acceder á instalación e realizar as inspeccións que se estime convenientes para comprobar o cumprimento das condicións impostas nesta autorización.

6 Revisións sucesivas da autorización ambiental integrada

Á instalación aplícalle o procedemento de revisión da autorización ambiental integrada regulado no artigo 26 do Real decreto lexislativo 1/2016:

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- O órgano ambiental competente revisará as condicións da autorización ambiental integrada nun prazo de 4 anos a partir da publicación de novas conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles, en canto á principal actividade da instalación. A revisión terá en conta todas as conclusións relativas aos documentos de referencia MTD aplicables á instalación, dende que a autorización fora concedida, actualizada ou revisada.

- Se a instalación non está cuberta por ningunha das conclusións relativas ás MTD, as condicións da autorización revisaranse e, de ser o caso, adaptaranse cando os avances nas mellores técnicas dispoñibles permitan unha redución significativa das emisións.

- A autorización revisarase de oficio nos supostos sinalados no apartado 4 do dito artigo 26.

7 Comunicación de modificacións na instalación e de cambio de titularidade

O titular da instalación deberá comunicar ao órgano ambiental competente calquera modificación, substancial ou non, que se propoña realizar na instalación, de conformidade co disposto nos artigos 10 do Real decreto lexislativo 1/2016 e 14 do Real decreto 815/2013.

Así mesmo, tamén deberá comunicar a transmisión ou cambio de titularidade da instalación, aportando a documentación acreditativa.

8 Cesamento temporal

O titular deberá presentar unha comunicación previa ao cesamento temporal da actividade ante a autoridade competente que outorgou a autorización. O reinicio debe ser comunicado cunha antelación mínima dun mes.

Durante este período o titular deberá cumprir coas condicións establecidas na autorización.

O cese temporal non poderá superar os 2 anos dende a súa comunicación.

9 Cesamento definitivo e peche da instalación

Unha vez producido o cese definitivo das actividades, estarase ao disposto no artigo 23 do Real decreto lexislativo 1/2016.

10 Responsabilidade medioambiental

O operador ten a obriga de cumprir as premisas establecidas na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental (BOE núm. 255 do 24.10.2007) e na súa normativa de desenvolvemento.

11 Incumprimento das condicións da autorización

O incumprimento das condicións recollidas na resolución suporá a adopción das medidas de disciplina ambiental recollidas no título IV do Real decreto lexislativo 1/2016, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable.

12 Outras autorizacións e licenzas

Esta autorización ambiental outórgase sen prexuízo de terceiros e sen prexuízo das demais autorizacións e licenzas que sexan esixibles polo ordenamento xurídico vixente.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

II: DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN

1. Descrición xeral

A granxa "A Moa" dedícase á ceba de polos para o seu posterior envío a matadoiro e consumo humano.

A capacidade coa que conta a granxa é de 97.498 prazas para polos de engorde por ciclo produtivo.

O grao de emprego da capacidade produtiva é do 100%.

2. Localización

A granxa localízase no lugar da Moa, parroquia de Tixós, concello de Baltar (Ourense), e conta con acceso rodado a través dunha estrada local asfaltada

3. Instalacións e equipamentos

- 3 naves para o aloxamento dos animais con locais de control
- 2 silos de penso por nave
- Unha caldeira de biomasa para calefacción das naves
- 2 grupo electróxeno
- Depósito de propano
- 2 pozos para subministro de auga á explotación
- Local de aseos e vestiarios
- Local para residuos
- 3 contedores de cadáveres
- Esterqueira cuberta de 15,00 x 15,00 m x 6 m

4. Proceso produtivo

Antes da recepción das aves e coas naves limpas e desinfectadas, repártese a cama (labras de madeira ou cascarilla de arroz) uniformemente a razón de 4 kg/m^2.

O ciclo de produción comeza coa chegada á área de cría da granxa dos polos dun día e remata cando alcanzan os 2.5 kg de peso. Este proceso dura uns 45 - 50 días e teñen lugar un total de 6 ciclos de produción por ano.

Despois de cada ciclo realízase un baleiro sanitario de aproximadamente 10-15 días, durante o que se realizarán as operacións de limpeza e desinfección.

TIPO DE ANIMAL	CICLO	BALEIRADO SANITARIO	NÚMERO DE CICLOS/ANO
Polos de ceba	50 días	10 - 15 días	6

4.1. Acondicionamento dos aloxamentos

Ventilación e climatización:

A ventilación de todas as naves é dinámica, composta por ventiladores electromecánicos e trampillas de entrada de aire regulados automaticamente e sistema de humidificación *cooling*.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Para o sistema de calefacción emprégase unha caldeira de biomasa que quenta auga que se leva a aerotermos instalados, emitindo aire quente cuxa temperatura se regula de xeito automático.

A nave 3 climatízase mediante xeradores de aire quente alimentados con gas propano, emitindo aire quente cuxa temperatura se regula tamén de xeito automático.

Ademais disponse dun grupo electróxeno de emerxencia para o caso de fallo da rede de subministro eléctrico.

Para a iluminación empréganse sistemas de baixo consumo.

4.2. Alimentación e auga

O penso en grao subminístrao a empresa externa xa preparado. Os animais aliméntanse *ad libitum* durante todo o ciclo. O sistema de distribución é automático con moega de alimentación móbil.

Os comedeiros empregados serven para todo o ciclo. Adminístranse diferentes tipos de penso durante a ceba.

A auga estará dispoñible na cantidade demandada polo animal mediante mamadeiras con recuperador de auga. Os bebedoiros dispoñen de:

- Aliñación da mamadeira 100 % vertical e propiedades de retorno óptimas
- Recuperador de agua para evitar perdas

4.3. Limpeza e desinfección

Realízanse as seguintes operacións: extracción total dos animais, limpeza e desinfección dos equipos, comedeiros, bebedoiros, naves, eliminación de todo o alimento dos silos e da auga dos bebedoiros, lavado con auga quente a baixa presión e baixo fluxo das paredes, teitos e pisos, extracción total da galiñaza e soprado e varrido total das naves.

Desinféctanse os silos, lavado e desinfección dos tanques e condutos de agua; fumigación das naves e silos, limpeza dos arredores e desratización total.

5. Xestión de cadáveres

Os animais mortos son depositados en 3 conxeladores na zona do almacén, onde se depositan en sacos de plástico para logo pasar a contedores con tapa e mecanismo para carga con grúa no camión de entrega a xestor autorizado.

Os contedores localízanse ao lado do peche perimétrico nunha zona cementada.

6. Materias primas e consumos

Previsión:

Alimento	Penso de iniciación
Cantidade anual	233.995 kg
Estado	Sólido (granulado)
Procedencia	Fábrica de penso externa
Lugar de almacenamento	Silos
Cantidade máxima almacenada	32.000 kg

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Alimento	Penso de desenvolvemento
Cantidade anual	818.983 kg
Estado	Sólido (granulado)
Procedencia	Fábrica de penso externa
Lugar de almacenamento	Silos
Cantidade máxima almacenada	32.000 kg

Alimento	Penso de terminado
Cantidade anual	1.754.964 kg
Estado	Sólido (granulado)
Procedencia	Fábrica de penso externa
Lugar de almacenamento	Silos
Cantidade máxima almacenada	32.000 kg

Cama das naves de ceba	Labras de madeira ou cascarilla de arroz
Cantidade anual	90 t
Estado	Sólido

Auga	
Procedencia	Captación na parcela (pozos)
Limpeza	6 m^3/ano
Aseos	36,5 m^3/ano
Consumo animal	5.616 m^3/ano

Gasóleo	
Consumo	0,6 m^3
Estado	Líquido
Procedencia	Compañía subministradora
Sistemas de subministro	Latas e bidóns

Propano	
Tipo	Gas Propano Licuado
Consumo	10.000 kg/ano
Estado	Líquido
Procedencia	Compañía subministradora

Biomasa	
Tipo	Orujillo ou óso de oliva
Consumo	65 t/ano
Estado	Sólido
Procedencia	Compañía subministradora

Enerxía eléctrica	
Consumo anual	120 MWh

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7. Efluentes xerados

As augas residuais procedentes dos aseos e vestiarios da explotación infíltranse no terreo tras o seu paso por unha fosa séptica.

O titular declara que non se xeran augas residuais de limpeza xa que unha vez ao ano, en verán, as naves lávanse antes de retirar a galiñaza, polo que as augas de limpeza mestúranse co esterco. Esta mestura irá á esterqueira. A soleira da esterqueira é de formigón cunha lixeira pendente ao seu interior para que non se vertan posibles lixiviados.

A augas pluviais non entran en contacto con materias que as poidan contaminar e incorpóranse limpas ao medio natural.

8. Plan de xestión da galiñaza

A cantidade de galiñaza producida será de 1.316,22 t/ano. Para a súa xestión:

Na instalación:

Disponse dunha esterqueira teitada e con soleira de formigón nas coordenadas UTM ETRS89, X: 607.586, Y: 4.645.492, cuxa capacidade (1.170 m^3) permite albergar a produción de 6 meses.

Fóra da instalación:

O destino das 1.316,22 t de galiñaza que se producirán anualmente nas 97.498 prazas de polos de ceba, será a aplicación en parcelas agrarias.

O titular presentou un plan de fertilización consonte á Instrución Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (IT-CMAOT-2). A superficie proposta resulta suficiente para asimilar os nutrientes contidos nas 1.316,22 t de galiñaza.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

III: CONDICIÓNS DE EXPLOTACIÓN

1 ADAPTACIÓN ÁS CONCLUSIÓNS SOBRE AS MELLORES TÉCNICAS DISPOÑIBLES (MTD)

A Decisión de execución da Comisión, do 15 de febreiro de 2017, pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles no marco da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello respecto á cría intensiva de aves de curral ou de porcos (DOUE do 21.02.2017) establece:

1. CONCLUSIÓNS XERAIS sobre as MTD				
MTD	Descrición		Implantación	Aplicación
1.1 SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL (SXA)				
MTD 1	**Implantación e cumprimento dun SXA**		O titular declara que a granxa conta cun sistema de xestión ambiental implantado coas características establecidas nesta MTD. Inclúe o compromiso dos órganos de dirección, xunto cunha política ambiental con obxectivos e metas e os procedementos para cada aspecto ambiental. Neste sistema comprobaranse e adoptaranse as medidas correctoras e preventivas para promover una mellora continua da eficiencia ambiental da instalación. Cada 2 anos realizarase unha comparativa co sector.	**SI**
1.2. BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS				
MTD 2	Para evitar ou **reducir o impacto ambiental** e mellorar o comportamento global			**SI**
	Aplicación de **todas** as seguintes técnicas:			
	a)	Localización adecuada da explotación e disposición espacial das actividades, co fin de: - reducir o transporte de animais e materiais (incluído o esterco) - garantir a suficiente distancia respecto aos receptores sensibles que requiren protección - ter en conta as condicións climáticas predominantes (p.ex. vento e precipitacións) - considerar a capacidade potencial de desenrolo futuro da explotación - evitar a contaminación da auga	As naves están agrupadas baixo o mesmo peche sanitario perimétrico Non existe transporte interno de animais na granxa Non se atopan nas súas inmediacións receptores sensibles que requiran protección As zonas de carga están próximas aos accesos	✔
	b)	Educar e formar ao persoal en particular en relación con: - a normativa aplicable, a produción animal, a sanidade e ao benestar animal, a xestión do esterco e a seguridade dos traballadores - o transporte e a aplicación ao campo do esterco - a planificación das actividades - a planificación e xestión das situacións de emerxencia - a reparación e o mantemento do equipamento	Todo o persoal conta cun curso oficial de benestar animal A dirección da explotación formará ao persoal segundo as normas de prevención de riscos laborais, formas de actuar ante emerxencia e para a correcta xestión e mantemento de todo o material	✔

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	c)	Establecer un plan de emerxencia para facer fronte a emisións e incidentes imprevisto	Na explotación existirá un plano xeral no que figurarán as portas de evacuación, localización dos extintores e de depósito da auga Cóntase cun grupo electróxeno de emerxencia e traída de auga particular O titular dispón dun libro de rexistro de todos os incidentes da explotación	✔
	d)	Mantemento periódico preventivo e correctivo de equipos e estruturas, en particular: - os silos de galiñaza para detectar calquera signo de dano, degradación ou fuga - as bombas, separadores, etc. - os sistemas de subministro de auga e pensos - os sistemas de ventilación e os sensores de temperatura - os silos e equipos de transporte - os sistemas de limpeza do aire Nestas actuacións poderase incluír a hixiene da explotación e a xestión de pragas	Realízase o mantemento semestral xeral de todos os equipos que o requiren adaptado en función das súas características e dos manuais Aqueles equipos que non requiren este tipo de mantemento inspecciónanse 2 veces ao día de xeito visual a fin de detectar fugas ou calquera outro dano	✔
	e)	Almacenar os animais mortos de forma que se eviten ou reduzan as emisións	Cámara de conxelación no interior do almacén antes de que os cadáveres pasen aos contedores exteriores estancos e con tapa para a súa retirada por xestor autorizado	✔
1.3. XESTIÓN NUTRICIONAL				
MTD 3	**Redución do nitróxeno total excretado e das emisións de amoníaco, satisfacendo ao mesmo tempo as necesidades nutricionais dos animais mediante o emprego dunha estratexia de alimentación e formulación do penso**			**SI**
	Aplicar **unha ou unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Reducir o contido de proteína bruta, mediante unha dieta equilibrada en nitróxeno, tendo en conta as necesidades enerxéticas e os aminoácidos dixestibles	A empresa integradora, durante a formulación do penso, reduce o contido de proteína bruta a medida que se reducen as necesidades enerxéticas do animal segundo o momento do desenvolvemento no que se atopa, o que supón unha redución do nitróxeno na dieta a medida que avanza o dito desenvolvemento	✔
	b)	Alimentación multifases cunha formulación do penso adaptada ás necesidades específicas do período produtivo	Empréganse 3 tipos de penso en función da idade do animal	✔
	c)	Adición de cantidades controladas de aminoácidos esenciais nunha dieta baixa en proteínas brutas	Aos pensos incorpóranse aminoácidos esenciais a medida que se van reducindo as necesidades de proteínas brutas na dieta	✔

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

<table>
<tr><td></td><td>d)</td><td>Utilización de aditivos autorizados para pensos que reduzan o nitróxeno total excretado</td><td>Non se emprega</td><td>-</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td colspan="2">Nitróxeno total excretado asociado á MTD:
<table><tr><th>Parámetro</th><th>Categoría de animais</th><th>Nitróxeno total excretado asociado á MTD (kg N excretado/praza/ano)</th></tr><tr><td>Nitróxeno total excretado, expresado como N</td><td>Polos de engorde</td><td>0,2 – 0,6</td></tr></table>Supervisión asociada á MTD 24</td><td>✔</td></tr>
<tr><td>MTD 4</td><td colspan="3">Redución do fósforo total excretado, satisfacendo ao mesmo tempo as necesidades nutricionais dos animais mediante o emprego dunha estratexia de alimentación e formulación do penso
Aplicar unha ou unha combinación das seguintes técnicas:</td><td>SI</td></tr>
<tr><td rowspan="3"></td><td>a)</td><td>Alimentación multifases cunha formulación do penso adaptada ás necesidades específicas do período de produción</td><td>A empresa integradora formula pensos para cada unha das fases de desenvolvemento dos animais para que a alimentación se adapte ás súas necesidades de fósforo en función do peso e/ou da fase produtiva na que se atopen</td><td>✔</td></tr>
<tr><td>b)</td><td>Utilización de aditivos autorizados para pensos que reduzan o fósforo total excretado</td><td>Na formulación dos pensos incorpóranse aditivos autorizados como fitasa e xilanasa que diminúen a presencia de fósforo nas excrecións dos animais</td><td>✔</td></tr>
<tr><td>c)</td><td>Utilización de fosfatos inorgánicos altamente dixestibles para a substitución parcial das fontes convencionais de fósforo nos pensos</td><td>Emprégase fosfato monocálcico altamente dixestible para a substitución parcial das fontes convencionais de fósforo nos pensos</td><td>✔</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td colspan="2">Fósforo total excretado asociado á MTD:
<table><tr><th>Parámetro</th><th>Categoría de animais</th><th>Fósforo total excretado asociado á MTD (kg P_2O_5 excretado/praza/ano)</th></tr><tr><td>Fósforo total excretado, expresado como P_2O_5</td><td>Polos de engorde</td><td>0,05 – 0,25</td></tr></table>Supervisión asociada á MTD 24</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="5">1.4. USO EFICIENTE DA AUGA</td></tr>
<tr><td>MTD 5</td><td colspan="3">Emprego eficiente da agua
Aplicar unha combinación das seguintes técnicas:</td><td>SI</td></tr>
<tr><td rowspan="2"></td><td>a)</td><td>Manter un rexistro do uso da auga</td><td>Disponse de contadores de auga e rexistro diario do consumo</td><td>✔</td></tr>
<tr><td>b)</td><td>Detectar e reparar fugas de auga</td><td>Realízase unha inspección visual 2 veces ao día e existe alarma de fugas asociada aos contadores de consumo electrónicos</td><td>✔</td></tr>
</table>

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	c)	Utilizar sistemas de limpeza de alta presión para a limpeza dos aloxamentos de animais e os equipos	A limpeza das instalación realizarase sempre mediante pulverización con máquina a alta presión e baixo caudal	✔
	d)	Seleccionar e utilizar equipos adecuados para a categoría específica de animais, garantindo a dispoñibilidade de auga (*ad libitum*)	Empréganse bebedoiros de mamadeira multidireccional de última xeración con cazoleta recuperadora	✔
	e)	Comprobar e, de ser o caso, axustar periodicamente a calibración do equipo de auga para beber	Compróbanse diariamente os reguladores de presión da liñas para evitar goteos e desperdicios de auga	✔
	f)	Reempregar as augas de chuvia non contaminadas como auga de lavado	Non se levará a cabo por motivos de bioseguridade	-
1.5. EMISIÓN DE AGUAS RESIDUAIS				
MTD 6	**Redución da xeración de augas residuais**			**SI**
	Aplicar **unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Manter as superficies sucias do patio o máis reducidas posible	Non se acumula galiñaza á intemperie	✔
	b)	Minimizar o uso de auga	Bebedoiros de mamadeira anti goteo e limpeza de equipos a alta presión e baixo caudal. Sempre que sexa posible a limpeza será en seco (limpeza de po e chan mediante varrido en seco) O aseo da explotación contará con inodoro de dobre descarga e ducha con rociador de baixo consumo	✔
	c)	Separar as augas de chuvia non contaminadas dos fluxos de augas residuais que requiren tratamento	As augas pluviais en ningún momento se mesturan coas augas residuais sanitarias	✔
MTD 7	**Redución do vertido de augas residuais á auga**			**SI**
	Aplicar **unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Drenar as augas residuais cara un contedor especial ou ao depósito de purines	Non aplica para esta explotación	-
	b)	Tratar as augas residuais	As augas residuais procedentes do aseo da granxa e da vivenda condúcense a unha fosa séptica previa infiltración ao terreo. Conta con filtro biolóxico	✔
	c)	Aplicar as augas residuais por terreo, p. e. mediante un sistema de rego tal como un aspersor, un irrigador móbil, unha cisterna ou un inxector.	Non se emprega	-
1.6. USO EFICIENTE DA ENERXÍA				
MTD 8	**Uso eficiente da enerxía**			**SI**
	Aplicar **unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Sistemas de calefacción/refrixeración e ventilación de alta eficiencia	Nas naves 1 e 2 empréganse aerotermos alimentados por unha caldeira de biomasa. Na nave 3 empréganse xeradores de aire quente de alta eficiencia a base de propano	✔

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	b)	Optimización dos sistemas de ventilación e de calefacción/refrixeración e a súa xestión, en particular cando se utilizan sistemas de limpeza de aire	Sistema de ventilación e calefacción/refrixeración controlado por ordenador	✔
	c)	Illamento dos muros, solos e/ou teitos do aloxamento para animais	Illamentos de cerramentos e teitos con panel tipo sándwich con núcleo illante de poliuretano	✔
	d)	Uso de sistemas de alumeado de baixo consumo	Os tubos fluorescentes substituíronse por tubos LED. A iluminación é regulable	✔
	e)	Uso de intercambiares de calor. Pode utilizarse un dos seguintes sistemas: 1. aire-aire; 2. aire-auga; 3. aire-terra.	Non se emprega	-
	f)	Uso de bombas de calor para a recuperación de calor	Non se emprega	-
	g)	Recuperación da calor con solo recuberto con cama quente e refrixerada (sistema Combideck)	Non se emprega	-
	h)	Aplicación de ventilación natural	Non se emprega	-
1.7. EMISIÓNS ACÚSTICAS				
MTD 9	**Establecer e aplicar un plan de xestión do ruído, como parte do SXA**		Non se prevé que a explotación provoque ningún tipo de molestias por emisións sonoras e non se confirmou a existencia de tales molestias	**NON**
MTD 10	**Reducir as emisións de ruído**			**SI**
	Aplicar **unha ou unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Velar porque haxa unha distancia axeitada entre a nave/explotación e os receptores sensibles	Non aplica	-
	b)	Localización do equipo	A disposición dos equipos e depósitos de penso realizouse de xeito que non produzan molestias. Os motores de arrastre do penso están dentro das naves	✔
	c)	Medidas operativas	As portas e outras aberturas estarán pechadas o maior tempo posible. Todos los equipos manéxanse por persoal especializado. Evitaranse na medida do posible as actividades ruidosas durante as noites e fines de semana. Os parafusos sen fin póñense a funcionar sempre que estean cheos de penso	✔
	d)	Equipos de baixo nivel de ruído	Empréganse equipos de ventilación de baixo nivel de emisión de ruído	✔
	e)	Equipos de control do ruído	Non se emprega	-
	f)	Atenuación do ruído	A vexetación da contorna atenúa a emisión de ruído	✔
1.8. EMISIÓNS DE PO				
MTD 11	**Reducir as emisións de po de cada aloxamento para animais**			**SI**
	Aplicar **unha ou varias** das seguintes técnicas:			
	a)	Redución da xeración de po nos edificios para o gando aplicando unha combinación das seguintes técnicas:		✔

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

		1. Emprego de cama mais grosa (p. ex. palla larga ou labras de madeira no lugar de palla picada)	A cama que se emprega pode ser labras de madeira ou cascarilla de arroz para diminuír o ambiente con po	✔
		2. Aplicar cama fresca empregando unha técnica que xere pouco po (p. ex. a man)	O mantemento da cama fresca realízase a man	✔
		3. Alimentación *ad libitum*	Nas naves avícolas emprégase un sistema de alimentación ad libitum	✔
		4. Emprego de pensos húmidos, penso granulado ou engadir aglutinantes ou materias primas oleosas aos sistemas de penso seco	Emprego de penso granulado	✔
		5. Instalar separadores de po nos depósitos de penso seco que se enchen por medios pneumáticos	Non se empregará esta técnica	-
		6. Deseñar e empregar a baixa velocidade o sistema de ventilación do aire dentro do aloxamento	Sistema de ventilación que traballan a velocidades de rotación baixas	✔
	b)	Reducir as concentracións de po no interior do aloxamento aplicando unha das seguintes técnicas:		-
		1. Nebulizadores de auga	Non se empregará esta técnica	-
		2. Pulverización de aceite	Non se empregará esta técnica	-
		3. Ionización	Non se empregará esta técnica	-
	c)	Tratamento do aire de saída mediante un sistema de depuración de aire, en particular:		-
		1. Colector de auga	Non aplican ou non se empregan	-
		2. Filtro seco		
		3. Depurador de auga		
		4. Depurador húmido con ácido		
		5. Biolavador (ou filtro biopercolador)		
		6. Sistema de depuración de aire de dúas ou tres fases		
		7. Biofiltro		
1.9. EMISIÓNS DE OLORES				
MTD 12	**Establecer, aplicar e revisar periodicamente un plan de xestión de olores**		Non se prevén molestias neste aspecto e non se confirmou a existencia de tales molestias	**NON**
MTD 13	**Reducir as emisións de olores dunha explotación e o seu impacto**			**SI**
	Aplicar **unha ou unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Velar porque haxa unha distancia axeitada entre a nave/explotación e os receptores sensibles	Non aplica	-

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

		Sistema de aloxamento que siga un ou unha combinación dos seguintes principios:		✔
	b)	- Manter os animais e as superficies secos e limpos - Reducir a superficie de emisión do esterco - Evacuar frecuentemente o esterco a un depósito exterior (cuberto) - Reducir a temperatura do esterco e do ambiente interior - Manter a cama seca e en condicións aeróbicas nos sistemas con cama	As aves mantéñense en superficie seca e os comedeiros son anti derramos A cama manterase seca A galiñaza evacúase á esterqueira rematado cada ciclo produtivo	✔
	c)	Optimizar as condicións de evacuación do aire de saída do aloxamento animal, aplicando unha ou unha combinación das técnicas seguintes:		✔
		- Aumentar a altura da saída do aire - Aumentar a velocidade do extractor de aire vertical - Colocar de xeito eficaz barreiras exteriores para crear turbulencias no fluxo de aire exterior - Incorporar cubertas deflectoras nas aberturas de ventilación situadas nas partes baixas dos muros para dirixir o aire residual ata o solo - dispersar o aire da saída polo lado do aloxamento que non estea orientado ao receptor sensible - orientar o cabalete da cuberta dun edificio con ventilación natural en dirección transversal á dirección predominante do vento	A vexetación favorece as turbulencias e a dispersión de olores	✔
	d)	Empregar un sistema de depuración do aire	Non se aplicará esta técnica	-
	e)	Empregar unha ou unha combinación das técnicas que se enumeran para o almacenamento do esterco:		✔
		1. Cubrir o esterco durante o almacenamento	A esterqueira está cuberta	✔
		2. Situar o depósito tendo en conta a dirección xeral do vento e/ou adoptar medidas para reducir a súa velocidade ao redor do depósito e sobre a súa superficie (p.ex. interpoñendo árbores, barreiras naturais)	-	-
		3. Reducir ao mínimo a axitación do esterco	Non aplica	-
	f)	Procesar o esterco cunha das seguintes técnicas para minimizar as emisións do olores durante (ou antes da) aplicación ao campo:		-
		1. Dixestión aeróbica (aireación)	Non se emprega	-
		2. Compostar o esterco sólido	Non se emprega	-
		3. Dixestión anaeróbica	Non se emprega	-
		Empregar unha ou unha combinación das seguintes técnicas de aplicación ao campo do esterco:		✔

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	g)	1. Sistema de bandas, discos ou inxectores para a aplicación ao campo de xurros	A aplicación ao campo do esterco sólido realizarase mediante un esparexedor adecuado (por exemplo, esparexedor rotatorio, de descarga posterior, de dobre función, etc.)	✔
		2. Incorporar o esterco o antes posible	Si	✔
1.10. EMISIÓNS DO ALMACENAMENTO DO ESTERCO SÓLIDO				
MTD 14	**Reducir as emisións de amoníaco á atmosfera**			**SI**
	Aplicar **unha ou unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Reducir o coeficiente entre a superficie de emisión e o volume do montón de esterco sólido	O amoreamento de galiñaza na esterqueira farase coa maior altura posible. Producirase a súa compactación ao empregar pala cargadora	✔
	b)	Cubrir os montóns de esterco sólido	Non se empregará esta técnica. A esterqueira xa conta con cuberta	-
	c)	Almacenar o esterco sólido nun alpendre	A esterqueira ten soleira de formigón e cobertura de chapa metálica	✔
MTD 15	**Reducir as emisións ao solo e a agua procedentes do almacenamento de esterco sólido**			**SI**
	Aplicar **unha ou unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Almacenar o esterco sólido nun alpendre	Esterqueira	✔
	b)	Utilizar un silo de formigón para o almacenamento do esterco sólido	Non se empregará esta técnica	-
	c)	Almacenar o esterco sólido en solos sólidos impermeables equipados cun sistema de drenaxe e unha cisterna para recoller a escorredura	A soleira da esterqueira é de formigón con lixeira pendente ao seu interior para que non se vertan lixiviados	✔
	d)	Seleccionar unha nave de almacenamento con capacidade suficiente para conservar o esterco sólido durante os períodos nos que non é posible proceder á súa aplicación ao campo	A esterqueira permite o almacenamento da producción de galiñaza de 6 meses	✔
	e)	Almacenar o esterco sólido en montóns no campo, lonxe dos cursos da auga superficial e/ou subterránea nos que puidera producirse escorrega líquida	Non aplica para esta explotación	-
1.13. APLICACIÓN AO CAMPO DO ESTERCO				
MTD 20	**Reducir as emisións ao solo, á auga e á atmosfera de nitróxeno, fósforo e microorganismos patóxenos**			**SI**
	Aplicar **todas** as técnicas:			
	a)	Analizar o terreo onde se vai a esparexer o esterco para determinar os riscos de escorredura, tendo en conta: -o tipo e as condicións do solo e a pendente do terreo - as condicións climáticas	En todos os terreos empregados comprobarase que que no poida haber escorregas segundo todas estas premisas No se esparexerá a galiñaza con chuvia, xeo ou neve	✔

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

		- a rega e o drenaxe do terreo - a rotación de cultivos - os recursos hídricos e as zonas de auga protexidas		
	b)	Manter unha distancia suficiente entre os terreos	Manteranse 10 metros entre parcelas	✔
	c)	Non esparexer o esterco cando poida existir un risco significativo de escorredura	Deixaranse franxas de protección de 20 metros coas zonas de risco de escorrega	✔
	d)	Adaptar as doses de abonado tendo en conta o contido en nitróxeno e fósforo do esterco e as características do solo, os requisitos dos cultivos de temporada e as condicións meteorolóxicas ou do terreo que puideran provocar escorreduras	O abonado realizarase en función dos requirimentos de nitróxeno e fósforo de cada cultivo segundo o plan de xestión a galiñaza, tendo en conta las características del solo, o cultivo de cada temporada e as condiciones meteorolóxicas a fin de evitar escorregas	✔
	e)	Sincronizar a aplicación ao campo en función da demanda de nutrientes dos cultivos	En todo momento	✔
	f)	Revisar as zonas diseminadas a intervalos regulares para comprobar que non haia sinais de escorredura e responder de forma axeitada cando sexa necesario	Revisaranse as zonas abonadas a intervalos regulares para comprobar que no haxa signos de escorrega e paralizarase a aplicación no caso de risco	✔
	g)	Asegurarse de que exista un acceso adecuado á esterqueira e que a carga do esterco poida facerse de xeito eficaz, sen derramos	A carga da galiñaza realizarase evitando en todo momento os derramos O acceso á esterqueira permite maniobrar con comodidade á maquinaria	✔
	h)	Comprobar que a maquinaria empregada para a aplicación ao campo está en bo estado de funcionamento e axustada para a dose adecuada	Levarase un mantemento adecuado de la maquinaria	✔
MTD 22	**Reducir as emisións de amoníaco á atmosfera xeradas pola aplicación so campo do esterco: incorporar o esterco ao solo o antes posible**			
	A incorporación do esterco sobre a superficie do terreo pode realizarse ben mediante labrado ben empregando outra maquinaria de cultivo, como o cultivador de reixas ou discos en función do tipo e as condicións do solo. O esterco queda completamente mesturado co solo ou enterrado. A aplicación ao campo do esterco sólido realizarase mediante un esparexedor adecuado (por exemplo, esparexedor rotatorio, de descarga posterior, de dobre función, etc.) Esta técnica non aplica aos pastos nen ao laboreo de conservación, a menos que estean transformados en terras de cultivo ou ao resementar. Tampouco ás superficies con cultivos que poidan resultar danados pola incorporación do esterco			✔
	Período de tempo asociado á MTD que debe transcorrer entre a aplicación ao campo do esterco e a súa incorporación ao solo Parámetro: **Horas** Tempo: **0 (1) – 4 (2)** (1) O extremo inferior corresponde á incorporación inmediata (2) O extremo superior pode chegar ata as 12 h cando as condicións no son favorables como por exemplo cando os recursos en man de obra e maquinaria non son economicamente viables			

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.14. EMISIÓNS XERADAS DURANTE O PROCESO DE PRODUCIÓN COMPLETO				
MTD 23	**Reducir as emisións de amoníaco, xeradas durante todo o proceso completo de produción para a cría de aves de curral**		Para estimar e calcular a redución das emisións de amoníaco xeradas en todo o proceso de produción utilizando as MTD aplicadas na explotación, empregaranse a técnica referida na MTD 25 a) (balance de masas)	**SI**
1.15. SUPERVISIÓN DAS EMISIÓNS E OS PARÁMETROS DO PROCESO				
MTD 24	**Supervisar o nitróxeno total e fósforo total excretados presentes no esterco**			**SI**
	Aplicar **unha** das seguintes técnicas:			
	a)	Cálculo aplicando un balance de masas de nitróxeno e fósforo baseado na ración, o contido de proteína bruta na dieta, o fósforo total e o rendemento dos animais	Empregarase esta técnica unha vez ao ano	✔
	b)	Estimación aplicando unha análise do esterco, determinando o contido do nitróxeno e de fósforo	Non se emprega	
MTD 25	**Supervisar as emisións de amoníaco á atmosfera**			**SI**
	Aplicar **unha** das seguintes técnicas:			
	a)	Estimación empregando un balance de masas baseado na excreción e do nitróxeno total (ou do nitróxeno amoniacal total) presente en cada etapa da xestación do esterco	Realizarase esta supervisión anualmente	✔
	b)	Cálculo mediante a medición da concentración de amoníaco e o índice de ventilación aplicando métodos normalizados ISO, nacionais ou internacionais u outros métodos que garantan a obtención de datos cunha calidade científica equivalente.	Non aplica xa que se empregará a técnica a)	-
	c)	Estimación empregando factores de emisión	Non aplica xa que se empregará a técnica a)	-
MTD 26	**Supervisar periodicamente as emisións de olores ao aire**		Non aplica, xa que non se prevén molestias debidas aos olores en receptores sensibles	**NON**
MTD 27	**Supervisar as emisións de po de cada aloxamento para animais**			**NON**
	Aplicar **unha** das seguintes técnicas:			
	a)	Cálculo mediante a determinación da concentración en po e a taxa de ventilación aplicando métodos normalizados EN u outros métodos (ISO nacionais ou internacionais) que garantan a obtención de datos cunha calidade científica equivalente	Non aplica debido ao elevado custo do seu establecemento	-
	b)	Estimación utilizando factores de emisión	Non aplica debido á inexistencia de factores de emisión previos para a actividade e ao elevado custo do seu establecemento	-
MTD 28	**Supervisar as emisións de amoníaco, po e/ou olores de cada aloxamento animal equipado cun sistema de depuración do aire**			**NON**

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	Aplicar **todas** das seguintes técnicas:			
	a)	Verificación do funcionamento do sistema de depuración do aire mediante a medición das emisións de amoníaco, olores e/ou po nas condicións que se dan na explotación na práctica de acordo cun protocolo de medición prescrito e empregando métodos normalizados EN ou outros métodos (ISO nacionais ou internacionais) que garantan a obtención de datos cunha calidade científica equivalente	Non aplica xa que esta explotación non conta cun sistema de depuración de aire	-
	b)	Control do funcionamento efectivo do sistema de depuración de aire	Non aplica xa que esta explotación non conta cun sistema de depuración de aire	-
MTD 29	**Supervisar os seguintes parámetros do proceso ao menos unha vez o ano**			**SI**
	a)	Consumo de auga	Contadores	✔
	b)	Consumo de enerxía eléctrica	Contadores	✔
	c)	Consumo de combustible	Mediante albaráns	✔
	d)	Número de entradas e saídas de animais, incluídos os nacementos e mortes (cando proceda)	Libro de rexistro oficial da explotación onde se anotan as entradas, saídas e baixas dos animais	✔
	e)	Consumo de penso	Mediante albaráns	✔
	f)	Xeración de galiñaza	Plan anual de xestión da galiñaza	✔

3. CONCLUSIÓNS sobre as MTD EN CRÍA INTENSIVA DE AVES DE CURRAL

3.1. EMISIÓNS DE AMONÍACO NAS NAVES DE AVES DE CURRAL

MTD		Descrición	Observacións	Aplicación
3.1.1 EMISIÓNS DE AMONÍACO EN NAVES DE POLOS DE ENGORDE				
MTD 32	**Redución das emisións de amoníaco á atmosfera en cada nave de polos de engorde**			**SI**
	Aplicar **unha ou unha combinación** das seguintes técnicas:			
	a)	Ventilación forzada e un sistema de bebedoiros sen perdas de auga (no caso de solos sólidos con cama profunda)	Sistema de ventilación forzada Bebedoiros de mamadeira con sistema antigoteo que evita as perdas de auga	✔
	b)	Desecación forzada da cama empregando aire interior (no caso de solos con cama profunda)	Non se emprega	-
	c)	Ventilación natural e sistema de bebedoiros sen perdas de auga (no caso de solos con cama profunda)	Non se emprega	-
	d)	Cama sobre cinta de esterco e desecación por aire forzado (en sistema de solo de pisos)	Non aplica	-

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	e)	Solos con cama, quentados e refrixerados (sistema Combiblock)	Non se emprega	-
	f)	Emprego dun sistema de depuración do aire, por exemplo: 1. depurador húmido con ácido 2. sistema de depuración de aire do 2 o 3 fases 3. biolavador (ou filtro biopercolador)	Non se emprega	-
		NEAs-MTD para as emisións de amoníaco á atmosfera en cada nave de polos de ceba cun peso final de ata 2,5 kg		

Parámetro	**NEA-MTD (kg NH_3/praza/ano)**
Amoníaco, expresado como NH_3	**0,01 – 0,08**

A supervisión asociada figura na MTD 25

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2 SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL

A instalación deberá ter implantado un sistema de xestión ambiental que reúna como mínimo todas as características recollidas na MTD 1 do documento de conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles.

3 EMISIÓNS Á ATMOSFERA

3.1 Catalogación en base ao anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera

Actividade	Grupo	Código
Gandería (xestión do esterco). Polos de engorde. Instalacións con capacidade >= 85000 polos	B	10 05 08 01
Caldeiras de combustión interna de Ptn < 500kWt	-	02 03 02 05
Outros equipos de combustión non especificados noutros epígrafes de Ptn < 500 kWt. (xeradores de calor para calefacción das naves)	-	02 03 05 02
Motores de combustión interna de Ptn < 1MWt	-	02 03 04 04

3.2 Descrición dos focos canalizados

A explotación conta con dous sistemas de calefacción. Por un lado dispoñen de xeradores de aire quente alimentados por unha caldeira de biomasa. Por outro lado, dispoñen de xeradores de aire quente a base de propano de alta eficiencia.

Descrición dos focos emisores canalizados á atmosfera								
Foco	Proceso	Marca	Potencia térmica nominal (kWt)	Combustible	Altura (m)	Diáme-tro (m)	Coordenadas UTM ETRS 89	
Caldeira	Calefacción	Tosco AragonesaCS 250 Núm. CO5/452	262	Biomasa	5	0,25	X: 607.598	Y:4.645.678
Grupo electróxeno	Subministro de enerxía en caso de emerxencia	CYMASA CYDLA S110-I Núm. SER4646	330	Gasóleo	3	0,08	X: 567.182	Y: 4.759.908
Grupo electróxeno	Subministro de enerxía en caso de emerxencia	CABAGER CD110S-AI Núm. SER0102032606 CAB	340	Gasóleo	3	0,08	X: 607.623	Y: 4.645.335

3.3 Valores límite de emisión para os focos canalizados

Non se establecen valores límite de emisión para os focos de combustión por estar clasificados sen grupo no anexo CAPCA da Lei 34/2007, do 15 de novembro.

O grupo electróxeno ademais, polas súas horas de funcionamento (soamente en caso de emerxencia menos do 5% respecto do funcionamento total da industria), considérase un foco de emisións non sistemáticas.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3.4 Vixilancia e control para as emisións procedentes dos focos canalizados

Tanto as caldeiras como o grupo electróxeno estarán suxeitos a mantemento de acordo coas instrucións do fabricante e co programa de mantemento do titular.

3.5 Emisións difusas

Como consecuencia da actividade prodúcense emisións difusas á atmosfera, fundamentalmente amoníaco (NH_3), óxido nitroso (N_2O), metano (CH_4), olores e outros gases en menor contía, propias das actividades que se desenvolven no proceso, sendo os focos principais cada unha das naves da instalación, a zona de almacenamento do esterco e tamén o po que se orixina no almacenamento do penso e no aloxamento dos animais.

Os procedementos para o tratamento e/ou minimización destas emisións aparecen recollidos no Anexo III punto 1 desta resolución.

3.6 Valores límite de emisión de NH_3

Valores límite de emisión de NH_3 en cada nave de polos de engorde			
Foco	Substancia	Categoría de animais	Valor límite de emisión (kg NH_3/praza/ano)
Naves de animais	**NH_3**	Polos de ceba	**0,08**

3.7 Vixilancia das emisións de amoníaco

A vixilancia e minimización das emisións realizarase de acordo coas mellores técnicas dispoñibles para o sector.

En cumprimento da MTD 25, o titular supervisará as emisións de amoníaco á atmosfera unha vez ao ano, mediante estimación, empregando un balance de masas baseado na excreción do nitróxeno total presente en cada etapa da xestión do esterco.

3.8 Control de olores

Nos casos de que se reciban e se confirmen queixas por malos olores realizarase un programa de prevención e redución coas medidas a aplicar, que incluirá como mínimo os elementos seguintes:

- Un protocolo que conteña actuacións e prazos adecuados
- Un protocolo de supervisión de olores
- Un protocolo de resposta a problemas concretos de olores
- Un programa de prevención e eliminación de olores deseñado para identificar as fontes, supervisar as emisións de olores, caracterizar as contribucións das fontes, e aplicar medidas de eliminación ou redución
- Unha revisión dos incidentes pasados en relación cos olores e as solucións encontradas
- Supervisión periódica de emisión de olores mediante realización de estudos olfatométricos

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3.9 Información das emisións á atmosfera

O titular debe dar cumprimento ao REAL DECRETO 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, comunicando a información requirida anualmente vía telemática no rexistro galego PRTR de emisións REGADE, Sección PRTR.

4 SOBRE A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

4.1 Valores límite

Non se poderán emitir nin transmitir niveis de ruído tales que produzan valores de recepción superiores aos establecidos no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído (BOE núm. 254 do 23.10.2007), así como en calquera outra normativa de aplicación que se dite en materia de ruídos.

4.2 Vixilancia e control ambiental

Efectuarase unha campaña de control do nivel de presión sonora sempre que se introduza algunha modificación na instalación ou proceso que poida afectar ao nivel de presión sonora, dando traslado dos resultados, da súa valoración e, no seu caso, dunha proposta de vixilancia e control a esta dirección xeral. As medicións deberán realizarse nos 3 períodos temporais de avaliación diarios definidos no Anexo I do RD 1367/2007, sempre e cando a actividade estea en funcionamento.

Os informes de avaliación da contaminación acústica conterán un anexo co contido especificado no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

5 EMISIÓNS Á AUGA

5.1 Orixe das augas residuais e localización do punto de vertido

Vertido 1: NO32002437 Aseos e vestiarios - granxa de polos - A Moa

Tipos de augas residuais: aseos de industria asimilable a urbana
Núm. de habitantes equivalentes: 2
Forma de evacuación: indirecto por infiltración ó terreo
Medio Receptor: río Faramontaos
pk. do vertido: 9,08
Código do canle: 1/4400/270
Cunca: Faramontaos
pk. canle codificado 9,08
Folla 1:50.000: 07/13
Coordenadas UTM: X: 607.596, Y: 4.645.685, Fuso 29, Datum: ETRS89

5.2 Caudais e volumes máximos de vertido

Vertido 1

Dotación	50l/habitante equivalente-día
Caudal punta horario	0,010 m^3/h (0,003 l/s)
Volume máximo diario	0,100 m^3
Volume máximo anual	37 m^3

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.3 Concentracións máximas do vertido

Os parámetros característicos da actividade causante do vertido serán exclusivamente os que se relacionan a continuación, cos valores límite de emisión que se especifican para cada un deles:

Vertido 1

Parámetro	Valor límite
pH	Entre 6 e 9
Materias suspensión	< 150 mg/l
DBO_5	< 200 mg/l O_2
DQO ó dicromato	< 300 mg/l O_2
Amonio total	< 50 mg/l NH_4
Aceites e graxas	< 25 mg/l
Deterxente	< 3 mg/l Laurilsulfato

No poderán empregarse técnicas de dilución para alcanzar os valores límite de emisión.

Ademais deberán cumprirse as normas de calidade ambiental aplicables na masa de auga receptora do vertido. En caso contrario, o titular estará obrigado a instalar as medidas correctoras e/ou o tratamento axeitado que sexan necesarios, para que o vertido no sexa causa do incumprimento daquelas.

5.4 Instalacións de depuración e evacuación

As instalacións de depuración ou medidas correctoras das augas residuais, axustaranse á documentación aportada polo titular e constarán basicamente dos seguintes elementos:

Descrición

Vertido 1

- Arqueta de entrada
- Decantador-dixestor
- Arqueta de control do vertido
- Sistema de infiltración ó terreo

O titular deberá acreditar perante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a posta en marcha das instalacións de depuración e presentar un informe dunha Entidade colaboradora da administración hidráulica que acredite o bo funcionamento destas.

O titular debe adoptar as medidas correctoras necesarias para que as augas de escorrega de chuvia que discorran polo interior do recinto da actividade, no causen dano á calidade das augas do medio receptor .

Non se permite a incorporación de augas de escorrega de chuvia procedentes de zonas exteriores ao recinto da actividade. Por isto, o titular queda obrigado a instalar cunetas perimétricas ou outro medio de desvío das augas, para evitar a contaminación das mesmas con motivo da actividade.

Non se permite a incorporación das augas residuais do proceso de limpeza ás instalacións de tratamento das augas residuais procedentes dos aseos e vestiarios. As augas de limpeza conduciranse a unha fosa estanca de almacenamento para a súa posterior xestión conxunta coas dexeccións que se retirarán mediante o plan de xestión da galiñaza presentado para a súa xestión como fertilizantes.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os depósitos de almacenamento de augas ou residuos líquidos serán impermeables, cubertos e de capacidade suficiente para evitar vertidos ou fugas destes.

De comprobarse a insuficiencia das medidas correctoras adoptadas, o titular, como responsable do cumprimento das condicións da autorización, deberá executar as modificacións precisas nas instalacións de depuración a fin de axustar o vertido ás características autorizadas, previa comunicación ao Organismo de Cunca e, se procede, a correspondente modificación da autorización ambiental integrada, conforme ó mecanismo previsto na norma.

En todo caso, teranse en conta as prescricións sobre as Mellores Técnicas Dispoñibles contidas nos documentos de conclusións que lle resulten de aplicación.

Evacuación do vertido. Punto de control

Para o vertido autorizado disporase un punto de control situado en lugar de acceso directo para a súa inspección e toma de mostras cando se estime oportuno por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, conforme establecen os artigos 251 e 252 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que deberá reunir as características necesarias para poder obter mostras representativas dos vertidos e comprobar o rendemento das instalacións de depuración.

Dito punto de control deberá contar co dispositivo de medida de volumes evacuados que resulte de aplicación en función das características do vertido, de conformidade co artigo 7 da Orde ARM/1312/2009, e o seu funcionamento deberá cumprir os requisitos establecidos nos artigos 7 e 8 da citada orde.

Control de funcionamento das instalacións de depuración

O titular acreditará ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil as condicións en que verte ao medio receptor. O número de controis anuais, repartidos a intervalos regulares, será o seguinte:

Vertido 1: 2 controis ao ano

Cada control, que será realizado e certificado por unha Entidade colaboradora da administración hidráulica (artigo 255 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico), levarase a cabo sobre cada un dos parámetros autorizados, considerándose que cumpre os requisitos da autorización cando todos os parámetros verifiquen os respectivos límites impostos.

O titular remitirá á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, no prazo dun mes desde a toma de mostras, os informes dos controis.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, cando o estime oportuno, inspeccionará as instalacións de depuración e poderá efectuar aforamentos e análises do efluente para comprobar que os caudais e parámetros dos vertidos non superan os límites autorizados e, no seu caso, o rendemento das instalacións de depuración. Así mesmo poderá esixir ó titular da instalación que designe un responsable da explotación das instalacións de depuración, con titulación axeitada.

Residuos do proceso de depuración e outros residuos

Os residuos sólidos e os lodos en exceso orixinados no proceso de depuración deberán extraerse coa periodicidade necesaria para garantir o correcto funcionamento da instalación.

Almacenaranse, no seu caso, en depósitos impermeables que non poderán dispoñer de desaugues de fondo.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Se as instalacións de depuración dispuxeran de tratamento de lodos, a auga escorrida deberá recircularse á entrada da instalación, para o seu tratamento.

Os efluentes ou residuos líquidos resultantes da actividade ou do proceso de limpeza das instalacións deberán almacenarse en depósitos totalmente impermeables que non poderán dispoñer de desaugues de fondo, ata a súa posterior retirada e xestión.
Prohíbese acumular residuos sólidos, entullos ou substancias, calquera que sexa a súa natureza e o lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas do dominio público hidráulico ou de degradación do seu contorno.

Por isto, o titular tomará as precaucións necesarias para que os derramos accidentais dos tanques de almacenamento de produtos, combustibles, reactivos, etc, así como os ocasionados na trasfega dos mesmos, non alcancen as canles públicas.

Os residuos finais obtidos en cada caso, retiraranse e transportaranse fóra do recinto da instalación, debendo cumprir as normativas correspondentes de acordo co seu destino.

Prevención de vertidos accidentais

O titular disporá dos medios necesarios para explotar correctamente as instalacións de depuración e manter operativas as medidas de seguridade que se adoptaron en prevención de vertidos accidentais.

Non está autorizada a existencia de sistemas de *by pass* nin de desaugues de fondo nas instalacións de depuración.

5.5 Canon de control de vertidos

O importe do canon de control de vertidos (CCV) será o seguinte:

$CCV = V \times P_U$
$P_U = P_b \times C_m$
$C_m = C_2 \times C_3 \times C_4$

Sendo

V = Volume de vertido autorizado (m^3/ano)
P_U = Prezo unitario do control de vertido
P_b = Prezo básico por m^3 establecido en función da natureza do vertido
C_m = Coeficiente de maioración ou minoración do vertido
C_2 = Coeficiente en función das características do vertido
C_3= Coeficiente en función do grao de contaminación do vertido
C_4 =Coeficiente en función da calidade ambiental do medio receptor

Vertido 1

V	37 m^3/ano
P_b (1)	0,01683 €/m^3
C_2 (2)	1,00
C_3 (3)	0,50
C_4 (4)	1,25
C_m	0,62500
P_U	0,01052 €/m^3

(1) Auga residual: urbana ou asimiladas

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

(2) Urbanos ata 1.999 habitantes equivalentes
(3) Con tratamento axeitado
(4) Zona categoría I

Canon de control de vertidos: **0,39 €/ano**

Este importe permanecerá invariable mentres non se modifiquen as condicións da autorización ambiental integrada relativas ó vertido ou algún dos factores que interveñen no cálculo do canon de control de vertidos.

Unha vez rematado cada ano natural, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil enviará ao titular a liquidación do canon de control de vertidos correspondente a ese ano.

6 SOLOS E AUGAS SUBTERRÁNEAS

6.1 Sistemas e procedementos para evitar a contaminación

Todos os meses de maio de cada ano natural o titular deberá enviar a esta dirección xeral unha folla de cálculo coas achegas de galiñaza que se prevén para un ano de fertilización.

Se ao longo dese ano houbera modificacións sobre o planificado, enviarase, no mes de abril do ano seguinte, unha folla de cálculo corrixida coas achegas reais.

Co plan anual, o titular presentará unha declaración responsable de que posúe a autorización para o emprego das parcelas destinatarias da galiñaza desta explotación. Cando as parcelas estean incluídas na solicitude da PAC, arquivarase a relación de parcelas desa solicitude e, para o resto, arquivarase calquera outra relación que inclúa o cultivo presente.

6.2 Control do solo e das augas subterráneas

Levarase a cabo o control da calidade das augas subterráneas en mostras dun dos pozos de captación de auga da explotación, segundo a caracterización e frecuencia descritas na seguinte táboa:

Puntos de Mostraxe	Coordenadas UTM Fuso 29 –ETRS89		Parámetros	Periodicidade
	X	Y		
Pozo 1	607.604	4.645.519	pH, condutividade, temperatura, nitratos, nitritos, fósforo total, cobre, chumbo, cinc, coliformes totais, coliformes fecais, estreptococos fecais, Escherichia coli e hidrocarburos totais do petróleo	Anual (*)


(*) A toma de mostras e as análises serán realizadas por ECA (Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica) de acordo cos requirimentos establecidos no Decreto 162/2010, de 16 de setembro, polo que se regulan as Entidades Colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de vertidos e calidade das augas.

7 XESTIÓN DE CADÁVERES ANIMAIS

No caso de que se produciran cambios no tocante á xestión dos cadáveres de animais xerados na explotación, deberán ser comunicados a esta dirección xeral.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

IV: PLANO DA EXPLOTACIÓN



CUADRO DE SUPERFICIES			
SUPERFICIE DE LAS PARCELAS, 2082 Y 2083 DEL POLÍGONO 502 : 20.000 m2			
EDIFICACIÓN ACTUAL	SUPERFICIE m2	OCUPACIÓN	S. ÚTIL POLLOS
NAVE 1	2.149,20	10,75%	2.018
NAVE 2	2140,36	10,70%	2.018
ESTERCOLERO	225,00	1,13%	
TOTAL	4.514,56	22,58%	4.036
EDIFICACIÓN PROYECTADA			
NAVE AVÍCOLA PROY	2.305,68	11,53%	2.214
DEPÓSITO ESTANCO PARA AGUAS DE LIMPIEZA Y ASEOS	16	0,08%	2.214
TOTAL	2.321,68	11,61%	
TOTAL RESULTANTE	6.836,24	34,19%	6.250

CAPACIDAD MAX POLLOS		
ACTUAL	SUP.UT.	CAPACIDAD
NAVE 1	2.018	31.480
NAVE 2	2.018	31.480
TOTAL ACTUAL	4.036	62.960
PROYECTADA		
NAVE AVÍCOLA PROY	2.214	34.538
TOTAL AMPLIACIÓN	2.214	34.538
TOTAL RESULTANTE	6.250	97.498

COORDENADAS UTM-DATUM ETRS 89-HUSO 29		
EXPLOTACIÓN	X=607586	Y=4645626
ACCESO A EXPLOTACIÓN	X=607571	Y=4645693
NAVE 1	X=607595	Y=4645609
NAVE 2	X=607585	Y=4645607
NAVE PROYECTADA	X=607611	Y=4645402
ASEOS Y VESTUARIOS	X=607595	Y=4645679
LOCAL DE RESIDUOS	X=607624	Y=4645534
PIENSO NAVE 1	X=607586	Y=4645617
PIENSO NAVE 2	X=607573	Y=4645616
PIENSO NAVE PROYECTADA	X=607603	Y=4645340
POZO 1	X=607604	Y=4645519
POZO 2	X=607571	Y=4645664
FOSA ESTANCA	X=607589	Y=4645495
CONTENEDOR DE CADAVERES	X=607569	Y=4645678
CALDERA DE BIOMASA	X=607587	Y=4645604
GRUPO ELECTRÓGENO	X=607598	Y=4645678

SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE POLLOS

ABAR ESTUDIO DE INGENIERÍA, S.L.L.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

V: PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

1 Responsable do control do programa de vixilancia e seguimento ambiental

A instalación debe contar cun responsable do control do cumprimento do plan de vixilancia incluído nesta resolución ao longo do desenvolvemento da actividade.

O cambio do responsable será comunicado a esta dirección xeral no momento en que se produza.

2 Metodoloxía de medición e ensaios

Salvo indicación expresa noutro sentido, as tomas de mostras e as análises serán efectuadas por un organismo de control acreditado, seguindo a metodoloxía establecida en normas EN, UNE-EN, UNE e, en ausencia destas, noutras normas internacionais ou nacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalentes.

Os métodos analíticos deben permitir alcanzar os límites de detección cuantitativos e cualitativos necesarios para valorar as concentracións presentes con seguridade.

3 Presentación da memoria de seguimento ambiental

O titular elaborará unha memoria de seguimento ambiental que remitirá a esta dirección xeral anualmente.

A memoria ten que asinala un representante legal da instalación ou o responsable do cumprimento da autorización ambiental integrada.

Os informes incluídos estarán asinados polo/s técnico/s competente/s responsable/s da súa elaboración e selados pola empresa.

Presentarase a documentación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Todos os exemplares estarán identificados (titular, instalación, número de autorización ambiental integrada, data e número de revisión).

4 Contido das memorias de seguimento ambiental

Os informes dos controis analíticos deberán especificar os procedementos de mostraxe e os métodos analíticos empregados.

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contido da Memoria Anual de Seguimento do cumprimento desta resolución	
Responsable	Identificación do responsable do seguimento ambiental
Datos do funcionamento	Capacidade máxima das naves (núm. máximo de prazas)
	Grao de emprego da capacidade máxima das naves (núm. prazas ocupadas)
	Materias primas e consumos
Emisións	- Supervisión anual das **emisións de amoníaco** á atmosfera: - Informarase das emisións de amoníaco á atmosfera en cada nave, en quilogramos emitidos por praza e por ano, así como da carga total emitida -Indicarase a técnica utilizada para a cuantificación ou estimación das emisións, indicando as fontes do método de cálculo e os datos de produción utilizados - No caso de que os contaminantes sexan medidos achegarase o informe correspondente realizado polo organismo de control que realizou as medicións.
	- Supervisión anual do **nitróxeno total e** do **fósforo total excretados** presentes no esterco
	- Declaración de ter realizado a notificación anual correspondente ao E- PRTR - Declaración de ter realizado os controis de vertido e de telos remitido á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil coa frecuencia que se establece nesta resolución
Solos e augas subterráneas	Plan anual da xestión da galiñaza segundo o disposto no Anexo III, punto 6.1 desta resolución
	Informe do control das augas subterráneas. Con cada informe xuntaranse os datos dos controis anteriores e unha valoración dos resultados obtidos ao longo do seguimento
Desviacións	Estudo das desviacións ocorridas, indicando as posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e análise da súa efectividade
Modificacións	Descrición das modificacións/melloras executadas(1), xunto cun plano/esquema explicativo. De ser o caso, novo plano sobre ortofoto coa localización dos puntos de control (escala mínima 1/250) con coordenadas UTM ETRS89
(1) Esta descrición non exime ao titular de efectuar a comunicación previa formal que se indica nas obrigas xerais desta resolución	

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5 Arquivo da información

Salvo indicación expresa noutro sentido, os resultados dos controis requiridos nesta autorización serán arquivados na planta e mantidos durante un período mínimo de 10 anos a partir do final do ano de referencia de que se trate, debendo facilitarse á Administración en caso de que esta os requira.

Santiago de Compostela, na data e á hora da sinatura dixital

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Juan Manuel Camiño Soto

Con base na antedita proposta, RESOLVO:

1. Revisar a autorización ambiental co núm. de rexistro 2015-IPPC-84-304.

   Esta revisión inclúe a descrición, condicións, obrigas e dereitos que se indican nos apartados recollidos na proposta de resolución.

Santiago de Compostela, na data e á hora da sinatura dixital

A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

María Sagrario Pérez Castellanos

Esta resolución notificarase e publicarase no DOG na forma prevista no artigo 24 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer no prazo dun mes un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 de 02.10.2015).

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 17/02/2021 19:07:59

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Data e hora: 17/02/2021 08:28:02

CVE: 6unTomyn24
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve